



MEMORIA XUSTIFICATIVA

ADDENDA NÚM. 6 E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1.- Competencia

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 79 do 25 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

2.- Antecedentes

O antecedente da addenda núm. 6 á que se refire a presente memoria é o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Oza-Cesuras, asinado o 8 de maio de 2017, modificado polas addendas núm. 1, 2, 3, 4 e 5 do 13 de xuño de 2018, 28 de outubro de 2019, 21 setembro de 2020, 4 de xuño de 2021 e 10 de xullo de 2023 respectivamente, cuxo obxecto é o de acometer a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oza-Cesuras.

3.- Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Oza-Cesuras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 8 de maio de 2017 ata o 7 de maio de 2025.

4.- Obxecto

O obxecto da Addenda ao convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Oza-Cesuras, para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Oza-Cesuras.





5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Oza-Cesuras, por escrito do 2 de outubro de 2023 solicita unha reunión da Comisión de Seguimento do convenio para adaptar os compromisos adquiridos á realidade da programación de execución dos traballos que constitúen o obxecto do convenio.

A comisión, segundo consta na acta da súa reunión do 6 de outubro de 2023 formula unha proposta de reaxuste de anualidades así como a adaptación do investimento á realidade das execucións do obxecto contractual subvencionado.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura, María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

